



labañou
solidaria

www.labanousolidaria.org

Julia e a Chacra ecolóxica

Esta é Julia diante do seu horto xunto ao río. Vive en Huancacalle (Vilcabamba), Perú.

Coa vosa axuda e o seu esforzo cambiou de vida.



Re-aprendeu, grazas ao noso Enxeñeiro Agrónomo Sulpicio Flores, o que os seus antecesores incas esqueceron co tempo: cultivar o seu horto dende a **agroecoloxía**, sen insumos externos e sen químicos, só co que a propia horta produce se fertiliza e contrólense as pragas.



cenorias patacas coliflor berenxena xudias manzanilla loureiro repolo

O proxecto da chacra ecolóxica é noso/voso orgullo. Moitas familias están a aproveitar a formación para mellorar a súa **seguridade alimentaria**, ter unha **alimentación diversificada e nutricionalmente saudable** e mesmo producir **excedente para a venda en mercados locais ou nos seus pequenos restaurantes**. Cando se derrumba a estrada, cada ano na tempada de chuvias, estas familias reduciron a **vulnerabilidade** ao illamento.

Coa axuda dun **microcrédito** Julia renovou a súa cociña. Tamén aproveitou a **capacitación** ofertada por **Labañou Solidaria** e DIRCETUR pola que un cheff de Cusco a ensinou como preparar deliciosos pratos como esta carne en rolo.



Co seu pequeno restaurante está a facer posible un **desenvolvemento turístico sostible** no que a cidadanía local é protagonista.

Moi preto, no local dunha compañeira da Asociación de Mulleres Artesás vende as súas creacións de artesanía téxtil tras mellorar a súa técnica a través doutra capacitación.

Grazas a ti,
nós podemos darlle as ferramentas
que ela soubo aproveitar.
Ela, vós e nós, todos somos UNHA
nesta viaxe.



XUNTA
DE GALICIA



LABAÑOU
SOLIDARIA



cooperacióngalega

